

MARÉ

12.07.2008 | GALICIA HOXE | 29

**OPINIÓN** Os Galeusca lamentan o ataque dos seus colegas casteláns

# Desde a asimetría de dereitos

**Os escritores ven similitudes entre o Manifiesto por la lengua común e as ideas de Franco**

**Redacción · Santiago**

Escritores galegos, vascos e cataláns fixeron público un escrito no que lembran as "similitudes coas teses da etapa franquista" do Manifiesto por la lengua común, subscrito por numerosos intelectuais españoles e apoiado polo partido Unión, Progreso y Democracia (UPyD).

O comunicado, difundido en Galicia pola Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG), subliña que as lenguas cooficiais "non son inventos recentes" senón "idiomas normais nos seus territorios e sociedades respectivas durante centos de anos". Agrega que "a súa desnormalización,

a súa perda de usos públicos, non se produciu de forma natural, senón, ata, por invasión da lingua que se decretou como oficial do estado, sen consulta nin acordo previo".

Tamén resalta que o artigo 3 da Constitución garante a presenza do castelán para todos os habitantes do Estado mediante a exigencia do seu coñecemento, mentres que "a lexicalización non prevé a obriga de ser coñecidos (os outros tres idiomas) nos seus respectivos territorios, o que establece unha asimetría de dereitos lingüísticos da cidadanía que quiere exercer o derecho, que lles é reconecido, a usalo".

Para os escritores das linguas minoritarias, "a visión anuladora que da enriquecedora realidade plurilingüe española se transmite desde o Manifiesto leva a pensar na similitude coas teses da etapa franquista: un Estado, unha lingua e, consecuentemente, a reforzar as formulacións diferenciadoras entre cidadáns de primeira



Cumio dos escritores da Galeusca celebrado en Lugo o pasado ano

## REACCIÓN

### Nin a RAE apoia o texto

Nin a Real Academia Galega (RAE), nin o Centro de Estudos Ramón Piñeiro, nin a Real Academia Española (RAE), nin o Instituto Cervantes, nin a Euskaltzaindia -a Academia da Lingua Vasca- tomaron en conta o Manifiesto por la lengua Común que lanzou o filósofo Fernando Savater, vinculado estreitamente ao partido nacionalista español Unión, Progreso y Democracia (UPyD) de Rosa Díaz, unha formación política que coincide coa ultradereita

ta no seu ataque ás linguas co-oficiais.

O caso más paradigmático é o da Real Academia Española, que por boca do seu presidente, García de la Concha, renunciou a facer calquera xesto de apoio ao Manifiesto a pesar de que boa parte dos seus académicos o asinaron a título individual.

O Partido Popular secundou en bloque o texto, xunto con algúns militantes socialistas, entre eles Joaquín Leguina.

e de segunda por razón de lingua". Tras repudiar "energicamente todos os intentos de exclusión que colegas escritores españoles realizan das nosas linguas", a federación Galeusca critica que, "no tanto de preocuparse pola saúde do español en Porto Rico, Costa Rica ou Estados Unidos, se dediquen a combater o más próximo e asimétricamente discriminado".

Os escritores sinalan que o obxectivo no ámbito educativo é conseguir a boa competencia do alumnado nas linguas oficiais, "independientemente de cal sexa a súa familiar", o que pasa, "necessariamente, pola utilización vehicular maioritaria da lingua máis desfavorecida socialmente".